

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2022/G005/000043.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores**, día **28 de setembro de 2022, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS DE PLANTA BAIXA E TRES PLANTAS ALTAS SITUADO NO PATIO DE LUCES COMUNITARIO, NA RÚA TRES MARÍAS, NUMERO 71. (Expte: 2022/Y001/000046).
2. RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A RESOLUCIÓN ADOPTADA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20 DE XULLO DE 2022, EN RELACIÓN CO PROCEDIMENTO 2021/Y001/000124, PARA LEGALIZACIÓN DE ALPENDRE EXISTENTE PARA GARDA DE ÚTILES DE LABRANZA EN RÉXIME DE AUTOCONSUMO, EN SAN LOURENZO DE RECIMIL (Expte: 2022/P014/000089).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓNS NA REDE DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE LUGO. EXP. REF. 2020/C003/000011. 2ª PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 3/12/2022 ATA O 2/12/2023.
4. CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DUN SERVIZO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NOS CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAIS E OUTROS (LOTE 1). (EXP. REF.: 2019-003). 3ª PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 14/11/2022 ATA O 13/11/2023. (Exp.. Ref. 2020/C003/000068).
5. CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DUN SERVIZO DE ATENCIÓN E DINAMIZACIÓN NOS CENTROS DE CONVIVENCIA (LOTE 2) RESERVADO A

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1499906401332843553.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-9-2022

CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL E A EMPRESAS DE INSERCIÓN. (EXP. REF.: 2019-003). 3ª PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 09/11/2022 ATA 08/11/2023.

6. CONCESIÓN DEMANIAL PARA O USO PRIVATIVO PARA A EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA RESTAURANTE NO EDIFICIO MIRADOR DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CONDICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES ASÍ COMO DA ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXPTE REF 2022-C005-000015.

7. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS VEHÍCULOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LUGO MEDIANTE TRES LOTES: LOTE 1 - MECANICA PARA CAMIONS, LOTE 2 - MECANICA PARA VEHÍCULOS DE OBRAS, SERVIZOS E DÚMPERS E LOTE 3 - MECANIZADO VEHÍCULOS MUNICIPAIS. INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO LOTE 2.

8. CONTRATACIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO". APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2022-C002-000021.

9. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DOS HORTOS ECOLÓXICOS COMUNITARIAS QUE ABARCA A ACCIÓN C9 "AGRICULTURA URBANA DE SOLO E ALTURA" DO PROXECTO LIFE14 CCA/ES/000489 LUGO+BIODINAMICO "PLANIFICACIÓN DUN BARRIO MULTIECOLÓXICO COMO MODELO DE RESILIENCIA URBANA" COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA MEDIANTE O INSTRUMENTO FINANCEIRO LIFE 2014-2020. EXP. REF. 2021-C002-000047. RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

FACENDA LOCAL

10. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA POR OUTORGAMENTO DE BONIFICACIÓN PARA MELLORA DA ACCESIBILIDADE POR OBRAS DE REFORMA DE PORTAL PARA SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NO EDIFICIO SITO NA RÚA DINÁN, NÚMERO 15.

PERSOAL

11. PROPOSTA NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, PARA DESEMPEÑAR A PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A (GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO C (SUBGRUPO C2);

ESCALA: ADMINISTRACIÓN XERAL; SUBESCALA: AUXILIAR.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,